# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15032923 | IES de Carral | Carral | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Música | 3º ESO | 2 | 70 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 19 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 20 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 21 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 22 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 22 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 23 |
| 7.2. Actividades complementarias | 24 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 24 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 26 |
| 9. Outros apartados | 26 |

## 1. Introdución

Contexto
O IES de Carral é un centro semiurbano, situado a 18 km de Coruña, que se puxo en funcionamento no 2015. Limita cos municipios de Ordes, Abegondo, Mesía, Cambre, Cerceda e Culleredo.
No económico predominan os sectores primario e secundario, onde destacan as industrias de panadaría.
A maioría do alumnado veñen do centro adscrito CEIP Vicente Otero Valcárcel aínda que tamén de zonas limítrofes e mesmo algún alumno de fóra de Galicia. No IES de Carral poden estudar Educación Secundaria Obrigatoria.
Música
A música é unha manifestación artística, un ben cultural imprescindíbel para o ser humano tanto a nivel emocional, cultural e cerebral. Desenvolvendo valores como a perseveranza, esforzo, autonomía e traballo en equipo. Ademais esperta a creatividade tan esquecida polos alumnos na Educación Secundaria Obrigatoria.
No ensino a programación é un instrumento de planificación curricular necesario para que o profesor desenvolva os contidos da materia, dunha maneira racional e non arbitraria distribuíndoa nun tempo determinado ao longo de todo o curso escolar.
Os elementos do currículo propostos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria están organizados en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para a consecución dos obxectivos da materia.
1° loque Escoita e percepción engloba aqueles criterios de avalìación e contidos que se consideran indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural.
2° bloque Interpretación, improvisación e creación escénica engloba a aprendizaxe de conceptos clave de linguaxe musical entendendo a aula como un espazo dinámico.
3° bloque Contextos culturais pretende unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical.

Este ano o noso proxecto tratará sobre piratas, naufraxios, baleas, barcos pantasmas, faros...sendo a historia da música o eixo principal do noso proxecto.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal. | 1-2-3 | 3 | | 1-2-3 | 3 | 1 | | 1-2 |
| OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva. | 1 | | | 2 | 1-3 | 1 | 3 | 3 |
| OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal. | 1 | | | 2 | 1-3 | 1 | 1 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | 1 | | 3 | 2 | 1-3-5 | 1 | 1-3 | 3-4 |
| OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización. | 1-2 | 2-3 | | 1-2-3 | 1-3 | 1 | 3 | 1-2-3 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Onde se atopa o tesouro do barco pantasma? | Os alumn@s teñen que descubrir onde está o tesouro. Para poder facelo teñen que recibir unha formación e superar algunhas probas. Unha vez superada esta etapa con éxito recibirán o carné de capitán do barco. Linguaxe musical | 7 | 7 | X | | |
| 2 | . Cibrán chega ao bar O Curbeiro en Camariñas. | En Camariñas, Cibrán descobre que moitas das pistas que hai sobre o tesouro escondido, están relacionadas co argumento das óperas que imos analizar. Alí Xoana dálle a primeira pista. Historia da música | 18 | 13 | X | | |
| 3 | Cibrán viaxa a Muxía para visitar a igrexa de San Xiao de Mourame. | Cibrán descobre que o mosteiro benedictino de San Xiao de Mourame foi asaltado numerosas veces por piratas ingleses. Que cantarían os monxes dese mosteiro na Idade Media? Que querían os piratas desa igrexa? | 15 | 10 | X | | |
| 4 | O galeón Anemone dirixido polo seu capitán Juan Domínguez González parte do Novo Mundo cara a Coruña. | O galeón Anemone regresa a España con 20.000 pesos de ouro e unha partitura moi valiosa que ía ser interpretada no baile que organizou a esposa de Lorenzo Suárez de Mendoza, V conde de Coruña e V vizconde de Torijas, Catalina de la Cerda. Renacimiento. | 15 | 10 | | X | |
| 5 | Marcial e Fanny Garrido convidan a Cibrán a escoitar un | É moi frecuente que Fanny e Marcial realicen numerosas reunións de intelectuais | 15 | 10 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | concerto no Pazo de Lóngora. | no Pazo de Lóngora.<br>Ese día ademais do faladoiro, varios músicos interpretan obras de diferentes épocas, sendo unha delas a partitura misteriosa que hai moitos séculos estaba no camarote do capitán Juan Domínguez González.<br>Barroco, Clasicismo | 15 | 10 | | X | |
| 6 | Canuto Berea mostra a Cibrán á súa tenda de música da Coruña. | Investigamos cada un dos personaxes da nosa historia.<br>Canuto Berea aproveita a ocasión para ensinarlle a Cibrán as últimas composicións dos músicos galegos do s.XIX. | 15 | 10 | | | X |
| 7 | Cibrán volve a Camariñas. | Cibrán volve a Camariñas para solucionar o misterio do tesouro do barco pantasma | 15 | 10 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Onde se atopa o tesouro do barco pantasma? | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñece a textura, a instrumentación, os temas dunha melodía, o compás e a estrutura dunha obra na súa escoita ou no seu visionamento | PE | 35 |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Recoñece os principais elementos da linguaxe musical a través da lectura ou audición de fragmentos musicais. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Comenta a función expresiva, informativa, de entretenemento, reivindicativa e simbolista e a súa conexión coa historia | | |
| CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñece, valora e respecta o patrimonio cultural galego implicándose na súa conservación | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos e as manifestacións musicais | TI | 65 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Analiza e explica os principais propósitos da música na sociedade: expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Emprega un vogabulario adecuado para describir percepcións. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións das obras do proxecto. | | |
| CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos. | Practica as pautas básicas de improvisación, silencio, atención ao director e aos intérpretes | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Relaciona os principais propósitos da música na sociedade:anterior: expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos e a sociedade moderna | | |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Memoriza pequenas frases vocais, instrumentais de diferentes xéneros, a través de diversas formas de notación. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Canta e interpreta pezas sinxelas a través da lectura de partituras co diferente notación. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Identifica os elementos comúns no ritmo, a estrutura, a melodía e a armonía que teñen diferentes obras entre sí | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosa interese polo coñecemento melodía, armonía, ritmo, estructura e orquestación das obras | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. |

| Contidos |
|---|
| - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.<br>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.<br>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.<br>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.<br>- Técnicas de improvisación guiada e libre.<br>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | . Cibrán chega ao bar O Curbeiro en Camariñas. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñece a textura, a instrumentación, os temas dunha melodía, o compás  e a estrutura da melodía misteriosa na súa escoita ou no seu visionamento | PE | 70 |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Localiza, selecciona e contrasta  a información procedente de diversas fontes para establecer relación entre los diferentes músicas e danzas  da nosa terra. | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Relaciona os principais propósitos da música na sociedade:anterior: expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos e a sociedade moderna | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Identifica os elementos comúns no ritmo, a estructura, a melodía e a armonía que teñen diferentes obras entre sí coa música misteriosa. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Comenta a función expresiva, informativa, de entretenemento, reivindicativa e simbolista da música misteriosa | | |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Analiza e explica os principais propósitos da música na sociedade: expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos | TI | 30 |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Emprega un vogabulario adecuado para describir percepcións da obra escollida | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosa interese polo coñecemento melodía, harmonía, ritmo, estrutura e orquestración das obras presentadas polos seus compañeiros. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.<br>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.<br>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Cibrán viaxa a Muxía para visitar a igrexa de San Xiao de Mourame. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñece a textura, a instrumentación, os temas dunha melodía, o compás e a estrutura da partitura renacentista na súa escoita ou no seu visionamento | PE | 55 |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Localiza, selecciona e contrasta a información procedente de diversas fontes para establecer relación entre los diferentes músicas danzas do Renacemento e a música actual. | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Recoñece os principais elementos da linguaxe musical a través da lectura ou audición de fragmentos musicais da Idade Media. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Identifica os elementos comúns no ritmo, a estrutura, a melodía e a que teñen diferentes as obras da Idade a Media co Renacemento. | | |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Analiza e explica os principais propósitos da música na sociedade: expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos. | TI | 45 |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Emprega un vogabulario adecuado para describir percepcións da partitura que se atopa na tenda de Canuto Berea | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Relaciona os principais propósitos da música na sociedade renacentista : expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos e a sociedade moderna. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosa interese polo coñecemento melodía, harmonía, ritmo, estrutura e orquestración das obras presentadas polos seus compañeiros | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Comenta unha das funcións: expresiva, informativa, de entretemento, reivindicativa e simbolista da partitura atopada na escena do crime e o seu contexto histórico | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.<br>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | O galeón Anemone dirixido polo seu capitán Juan Domínguez González parte do Novo Mundo cara a Coruña. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñece a textura, a instrumentación, os temas dunha melodía, o compás e a estrutura da obras clásicas na súa escoita ou no seu visionamento | PE | 40 |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos do Clasicismo e as manifestacións musicais . | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Recoñece os principais elementos da linguaxe musical a través da lectura ou audición de fragmentos musicais do Renacemento. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Identifica os elementos comúns no ritmo, a estrutura, a melodía e a harmonía que teñen as obras do Clasicismo co Barroco. | | |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Analiza e explica os principais propósitos da música na sociedades do Clasicismo: expresivos, informativos, de entretemento e reivindicativos e a sociedade moderna. | TI | 60 |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións das obras clásicas. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións das obras do Renacemento. | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Relaciona os principais propósitos da música na sociedade do Clasicismo e a sociedade moderna. | | |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Memoriza pezas vocais, instrumentais de diferentes xéneros, estilos do renacimento a través de diversas formas de notación | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Canta e interpreta  pezas sinxelas a través da lectura de partituras co diferente notación | | |
| CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na interpretación das pezas ante un público | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosa interese polo coñecemento melodía, harmonía, ritmo, estrutura, orquestración das obras presentadas polos seus compañeiros. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Comenta a función expresiva, informativa, de entretemento, reivindicativa e simbolista da música que ten Rosalía na man e o seu contexto histórico | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. |

| Contidos |
|---|
| - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.<br>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.<br>- Técnicas de improvisación guiada e libre.<br>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Marcial e Fanny Garrido convidan a Cibrán a escoitar un concerto  no Pazo de Lóngora. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñece a textura, a instrumentación, os temas dunha melodía, o compás e a estrutura da obra do concerto na súa escoita ou no seu visionamento | PE | 45 |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Localiza, selecciona e contrasta a información procedente de diversas fontes para establecer relación entre os diferentes músicas e danzas do barroco e a música actual | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Recoñece e aplica o ritmo aos compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais do Barroco. | | |
| CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñece e valora con actitude crítica os elementos musicais propios da nosa cultura | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Expresa as emocións que lle servirán para mellorar as seus interpretacións. | | |
| CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñece, valora e respecta o patrimonio cultural galego implicándose na súa conservación | | |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Analiza e explica os principais propósitos da música na sociedade do barroco: expresivos, informativos, reivindicativos. | TI | 55 |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Recoñece e aplica o ritmo aos compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais do Barroco. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións das obras do concerto. | | |
| CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos. | Practica as pautas básicas de improvisación, silencio, atención ao director e aos intérpretes. | | |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Memoriza pezas vocais, instrumentais de diferentes xéneros, estilos do barroco a través de diversas formas de notación | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Canta e interpreta cos instrumentos pezas sinxelas a través da lectura de partituras co diferente notación | | |
| CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na interpretación das pezas ante un público. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Identifica os elementos comúns no ritmo, a estrutura, a melodía e a harmonía que teñen as obras do Barroco, e Clasicismo | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosa interese polo coñecemento da melodía, harmonía, ritmo, estrutura, orquestración das obras presentadas polos seus compañeiros. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Comenta a función expresiva, informativa, de entretemento, reivindicativa e simbolista da música do concerto e o seu contexto histórico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.<br>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.<br>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Canuto Berea mostra a Cibrán á súa tenda de música da Coruña. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñece a textura, a instrumentación, os temas dunha melodía, o compás e a estrutura das obras románticas na súa escoita ou no seu visionamento | PE | 40 |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Recoñece os principais elementos da linguaxe musical a través da lectura ou audición de fragmentos musicais do s. XIX | | |
| CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñece e valora con actitude crítica os elementos musicais propios da nosa cultura. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Identifica os elementos comúns no ritmo, a estrutura, a melodía e a harmonía que teñen as obras do Romanticismo co Clasicismo | | |
| CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñece, valora e respecta o patrimonio cultural galego implicándose na súa conservación | | |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos no Romanticismo e as manifestacións musicais | TI | 60 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Analiza e explica os principais propósitos da música na sociedade romántica: expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos. | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións das obras románticas. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades da improvisación de outros intérpretes. | | |
| CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos. | Expresa as emocións que lle servirán para mellorar as súas interpretacións | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Relaciona os principais propósitos da música na sociedade:do Romanticismo expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos e a sociedade moderna. | | |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Memoriza pequenas frases vocais, instrumentais de diferentes xéneros, a través de diversas formas de notación | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Canta e interpreta pezas sinxelas a través da lectura de partituras co diferente notación | | |
| CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na interpretación das pezas ante un público. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosa interese polo coñecemento melodía, harmonía, ritmo, estrutura e orquestración das obras representadas polos seus compañeiros. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Comenta a función expresiva, informativa, de entretemento, reivindicativa e simbolista da música do século XIX e o seu contexto social. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.<br>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.<br>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.<br>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.<br>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.<br>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.<br>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.<br>- Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Cibrán volve a Camariñas. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñece a textura, a instrumentación, os temas dunha melodía, o compás e a estrutura dunha obra na súa escoita ou no seu visionamento | PE | 45 |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Recoñece o ritmo, melodía, textura, dinámica, tempo a través da lectura o audición de pequenos fragmentos musicais que aparece na nosa obra. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Canta e interpreta cos instrumentos pezas sinxelas a través da lectura de partituras co diferente notación | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Identifica os elementos comúns no ritmo, a estrutura, a melodía e a harmonía que teñen as obras do proxecto. | | |
| CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñece, valora e respecta o patrimonio cultural galego implicándose na súa conservación | | |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos e as manifestacións musicais | TI | 55 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Analiza e explica os principais propósitos da música na sociedade: expresivos, informativos, entretemento, reivindicativos | | |
| CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñece e valora con actitude crítica os elementos musicais propios da nosa cultura. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Practica as pautas básicas da improvisación: silencio, atención ao director e a improvisación dos intérpretes. | | |
| CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos. | Expresa as emocións que lles servirán para mellorar as súas interpretacións. | | |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Memoriza as pezas vogais e instrumentais da nosa obra de teatro aprendidas por imitación a través de diversas formas de notación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na interpretación das pezas ante un público. | | |
| CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais. | Desenvolve o proceso de creación de ideas de maneira razoada utilizando estratexias de planificación e xestión | | |
| CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosa interese polo coñecemento melodía, harmonía, ritmo, estrutura e orquestración das obras representadas polos seus compañeiros | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Comenta a función expresiva, informativa, de entretemento, reivindicativa e simbolista da música do proxecto e o seu contexto social | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.<br>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.<br>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.<br>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.<br>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.<br>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.<br>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.<br>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.<br>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.<br>- Técnicas de improvisación guiada e libre. |

| **Contidos** |
|---|
| - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. |
| - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. |
| - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. |
| - Principais composicións musicais de cada período histórico. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Este ano imos traballar xunto co Departamento de Galego nun novo proxecto O tesouro do barco fantasma. Ao longo do curso intentaremos que se nos unan outros departamentos.
Os alumnos serán os protagonistas da súa propia aprendizaxe mentres que o profesor actuará como guía. Investigarán sobre os músicos que viviron na Coruña no século XIX, as danzas que se bailaban no Renacemento, as cancións sobre piratas e corsarios nas cantigas de Santa María, e resolverán o misterio do Tesouro do barco fantasma. Cada unha das pistas achegaralles información sobre todas as épocas da historia da música.
Potenciarase a creatividade e a motivación dos alumnos a través dos xogos.
Traballarase de xeito individual e colaborativo na aula.
Na parte práctica da materia centrarémonos nas cancións utilizadas na historia, na danza do Renacemento "Pavana lá Battaglia"
Colgaranse semanalmente na aula virtual do centro todos os contidos e as actividades realizadas no aula e que poderán ser vistos polos alumnos en calquera momento. Tamén se utilizará as aplicacións de Google Site xa que este ano o centro dispón dun dominio.
Se por calquera motivo o ensino non fose presencial centrariámonos no bloque da escoita ( parte práctica), e nos contidos teóricos pasando a un segundo plano as interpretacións.

Estratexias metodolóxicas.

= Memorización de pezas sinxelas: primeiro por imitación e logo a través da lectura musical.
= Indagación e investigación sobre a século XIX na Coruña a través de diversas fontes: páxinas web, libros de lecturas xuvenís ,
- indagación e investigación sobre o século XV- XVI en toda Europa.
- Investigación sobre cancións de corsarios.
- Investigación sobre a relación da temática do mar na ópera.
- Análise de partituras previamente lidas e escoitadas.
= Escoita activa.
= Partituras con dificultade progresiva.
= Gamificación do aula con retos que sirvan para motivar aos alumnos á hora de buscar información.
- Preparación das interpretacións cunhas pautas moi sinxelas e claras
- Clases invertidas

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| **Denominación** |
|---|
| Caderno de clase |
| Libreta pautada |
| Portafolio dixital |

| |
|---|
| Roteiro Camariñas |
| Artigos de prensa |
| Biblioteca galiciana |
| Marcial de Adalid |
| Alfonsina de Canuto Berea |
| Cantiga de Santa María Os corsarios. |
| Libro Denébola Rosa. Cajaraville, Héctor. |
| Memorias da Condesa Espoz y Mina |
| Libro Volverás golfiño. Maceiras, Andrea. |

Materiais.
1.Os alumnos terán que anotar todas as actividades realizadas no aula e a solución de cada unha das pistas para poder resolver o misterio deste ano.
2. Partituras escritas en diferentes notacións para ser interpretadas e que forman parte da nosa historia.
3.Actividades feitas de xeito dixital: infografías, presentacións...

Recursos didácticos

1. http://www.guiadecoruna.es/noticias/coruna/plano-mapa-y-callejero-de-a-coruna-plano-en-pdf-y-mapa-callejero-en-google-maps
2. https://www.caminodosfaros.com
3. https://www.laopinioncoruna.es/blogs/callejero/calle-del-alcalde-canuto-berea-el-msico-que-lleg-a-la-alcalda.html
4. Sites do proxecto https://sites.google.com/iescarral.com/proyectos-musicales/edad-media
5. https://youtu.be/aigHeSiWoUg

http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000126713&page=1

http://meigallomusical.blogspot.com.es/p/blog-page_70.html

6.
https://youtu.be/F1tKlmzVUOE
https://youtu.be/990XhtuUaQ8
https://youtu.be/EUa7K7fMJac
8
https://www.boe.es/biblioteca_juridica/publicacion.php?id=PUB-DH-2014-28

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o primeiros quince días realizaranse diferentes probas tanto teóricas como prácticas que servirán para analizar as capacidades do alumno co fin de elaborar materiais adecuados ás necesidades do grupo.
Probas
As probas prácticas consistirán en pequenos exercicios de solfeo, percusión corporal e as probas escritas en preguntas curtas sobre os contidos dados en cursos anteriores.
Informarase aos titores do resultado desas probas iniciais na xunta de avaliación inicial.
Unha vez analizados os resultados das probas crearanse actividades de reforzo a aqueles alumnos que non superen a proba e actividades con máis nivel para os alumnos máis avantaxados

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **7** | **18** | **15** | **15** | **15** | **15** | **15** | **100** |
| **Proba escrita** | 35 | 70 | 55 | 40 | 45 | 40 | 45 | **49** |
| **Táboa de indicadores** | 65 | 30 | 45 | 60 | 55 | 60 | 55 | **51** |

**Criterios de cualificación:**

.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

PARTE PRÁCTICA ( 40% da nota)
Interpretación percusión corporal, interpretación placas, interpretación solfexo, interpretación danza, creación percusión corporal, audicións...
PARTE TEÓRICA ( 50% da nota)
A) TRABALLOS
Expresión escrita, expresión oral.
B) EXAME
Faranse unha o varias probas por avaliación que se corresponderán cos trimestres do curso. O exame terá preguntas curtas tipo test e preguntas máis longas para desenvolver.
OBSERVACIÓN NA AULA ( 10% da nota).
Instrumentos: caderno de clase ou portafolio dixital, caderno de partituras.
Aspectos a valorar: traer o material: o caderno de clase ou portafolio dixital, mostrar interese pola materia, ser autónomo, saber traballar en grupo colaborativo, ter afán de superación, saber respectar as opinións dos compañeiros.
No caso de que un dos bloques non se podía dar, o valor cambiaría e pasaría a contar un 90%.

*Tanto no ensino presencial como semipresencial se impartirán os mesmos contidos e traballarase os mesmos estándares de aprendizaxe. Si o ensino non fose presencial centrariámonos no bloque da escoita ( parte práctica). Os criterios de avaliación serían: 70% parte teórica, 30 % parte práctica.

Terceira Avaliación
Como se calcula a cualificación da terceira avaliación : a nota da terceira avaliación segue os mesmos criterios de cualificación que as dúas avaliacións anteriores.
40% práctica.
50 % teoría (traballos sobre o proxecto traballado este ano, exame).
10% observación do traballo na aula.
Darase a oportunidade ao alumno de poder recuperar todas e cada unhas das avaliacións suspensas mediante traballos sobre o proxecto feito durante o curso, probas prácticas e exames sobre os contidos das avaliacións suspensas.
Criterios de cualificación de xuño
-Co fin de evitar o abandono da materia na terceira avaliación, o alumnado que teña está avaliación suspensa terá que facer unha proba da mesma.
- O alumnado cuxa media das tres avaliacións sexa un cinco o superior e teña a terceira avaliación aprobada superará con éxito a materia.
- O alumnado que no supere ningunha das tres avaliacións terá que facer unha proba final global.

Descrición do tipo de probas: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.
Proba teórica sobre os contidos dados durante o curso: preguntas curtas e preguntas longas para desenvolver.

**Criterios de recuperación:**

Darase a oportunidade ao alumno de poder recuperar todas e cada unhas das avaliacións suspensas mediante traballos sobre o proxecto feito durante o curso, probas prácticas e exames sobre os contidos das avaliacións suspensas.

Avaliación Final
Criterios de cualificación de xuño
-Co fin de evitar o abandono da materia na terceira avaliación, o alumnado que teña está avaliación suspensa terá que facer unha proba da mesma.
- O alumnado cuxa media das tres avaliacións sexa un cinco o superior e teña a terceira avaliación aprobada superará con éxito a materia.
- O alumnado que no supere ningunha das tres avaliacións terá que facer unha proba final global.
Descrición do tipo de probas: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.
Proba teórica sobre os contidos dados durante o curso: preguntas curtas e preguntas longas para desenvolver

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Mecanismos para o seguimento (clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc.)
Cada trimestre os alumnos realizarán unha serie de traballos, fichas que servirán ao alumnado para repasar os contidos dados durante todo o curso. No aula virtual iranse colgando os materiais para poder realizalos. Ademais destas fichas realizarán un exame por trimestre. Os traballos terán que entregarse tres semanas antes do exame de cada avaliación.
A principios de curso entregarase unha ficha ao alumnado explicando ou plan de reforzou e terá que vir asinado polas familias.

Como se avalía (avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)
Todos estes fichas contarán un 40 % da nota e servirán como método de repaso para o exame (60% da nota) que este ano se realizará en cada
trimestre. A nota será a suma dos traballos, fichas (40%) máis o exame (60%).

- Os alumnos que elixisen a materia de música de 4° como optativa e teñan pendente música de 3° poderán recuperar a parte de línguaxe musical se aproban a primeira avaliación do curso que estean matriculados. Solamente quedarialles por superar a parte teórica que centra os seus contidos en historia da música.
A nota final será a media das tres avaliacións. O alumnado que non aprobe en abril poderá volver realizar unha proba en xuño

Descrición do tipo de proba extraordinaria: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Preguntas curtas tipo test (30%) e preguntas longas para desenvolver (70%)

## 6. Medidas de atención á diversidade

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención a diversidade. As medidas de atención á diversidade nesta etapa están orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria e non poderá supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente. En canto se detecten alumnos con dificultades se porán en funcionamento as medidas máis axeitadas para eles: actividades de reforzo na aula , ou de seren o caso una Adaptación Curricular. Por iso o

Departamento de Música tratará na medida do posible atender a todos eses alumnos dun xeito máis persoal.

Alumnos repetidores
Cando a avaliación sexa negativa, o alumno recibirá actividades de reforzo. Nestas actividades teráse en conta o nível de competencia curricular acadado na materia nos cursos anteriores. Tamén poderá recibir actividades de ampliación.
Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.
- Vixilancia e control nas clases para valorar o seu avance.
- Seguimento e corrección das tarefas deseñadas como recuperación.
- Cando traballen en colaborativo colocarémolos preto dun compañeiro que lle poida botar unha man.
Alumnos de altas capacidades
Recibirá actividades de ampliación adecuadas ao seu gusto.
Nas actividades prácticas( interpretacións)realizarán as partes máis difíciles para manter viva a súa motivación.

Alumnos con T.D.H e A.C.I
- Realizaremos as adaptacións do currículo que sexan necesarias.
- Sentaremos aos alumnos preto do profesorado. Cando traballen en colaborativo colocarémolos preto dun compañeiro que lle poida botar unha man.
- Permitiremos que salga do seu sitio ou da clase nos momentos que presente unha elevada inquietude.
- Iniciaremos as sesións cun guión do que se vai traballar visible no proxector.
- Promoveremos a participación activa.
- Daremos as orientacións dos traballos por escrito.
- Estruturaremos as tarefas en tempos cortos para poder supervisar a realización das tarefas.
Os exames teóricos serán breves, con múltiples enunciados.
Nos exames prácticos(interpretacións) realizarán as partes máis sinxelas

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Autonomía | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Traballo en grupo colaborativo | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Igualdade entre sexos. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Consumo responsable.. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Respecto mutuo. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual. | X | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos coa temática do proxecto deste ano e coas lecturas optativas que se lle facilitarán al alumno/a.
- Creatividade: traballarase a través dos traballos, da creación de partituras de percusión corporal que se utilizarán na nosa obra de teatro.
- Autonomía: traballarase no grupo colaborativo a través da, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en grupo colaborativo as actividades teóricas.
- Igualdade entre sexos:Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. Tamén en todas as actividades que facemos no grupo colaborativo na que é importante o resultado final como grupo.
- Expresión oral e escrita: A través da exposición dos traballos, da resolución de enigmas e da creación de novos retos..
- Competencia dixital e comunicación audiovisual:a través da creación da nosa obra ¿ Sheila e a procura do violín roubado¿.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Ruta dos naufraxios. | Visita á Camariñas seguindo os pasos da nosa historia. | | | X |
| Roteiro por Coruña | Visita á Coruña, polas rúas musicais da cidade. | | | X |

**Observacións:**

1.Realizaremos unha visita aos lugares onde transcorre a historia do noso proxecto: Camariñas, Muxía, Cemiterio dos Ingleses, Enseada do Trece.
2. Roteiro por Coruña polas rúas musicais da Coruña que aparecen nas unidades 5, 6, 7 da programación.
3. Intentaremos realizar algún tramo da ruta dos naufraxios.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Ben ou acadado |

| |
|---|
| Mal ou non acadado. |
| Regular ou mellorable. |
| Metodoloxía empregada |
| Ben ou acadado |
| Mal ou non acadado. |
| Regular ou mellorable |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Ben ou acadado |
| Mal ou non acadado |
| Regular ou mellorable |
| Medidas de atención á diversidade |
| Ben ou acadado |
| Mal ou non acadado |
| Regular ou mellorable |
| Clima de traballo na aula |
| Ben ou acadado |
| Mal ou non acadado |
| Regular ou mellorable |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Ben ou acadado |
| Mal ou non acadado |
| Regular ou mellorable |
| Outros |
| Ben ou acadado |
| Mal ou non acadado |
| Regular ou mellorable |

**Descrición:**

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite mellorala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da

propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:
- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
= Adecuación do plan da avaliación inicial desdeñado, incluídas as consecuencias da proba.
= Adecuación da proba da avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.

- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Observando con atención aqueles contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
Todos os trimestres facilitarase ao alumnado unhas enquisas no que terán que valorar os aspectos positivos e negativos do proxecto deste ano. Tamén terán que valorar as causas da súa nota de avaliación.
A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora. Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación. Na CCP estudarase as propostas de mellora de todos os departamentos.

## 9. Outros apartados